



## Concello de Boiro

### ANUNCIO

#### PROCESO SELECTIVO AUXILIARES DE POLICÍA LOCAL 2020

##### Transcripción da SESIÓN DO TRIBUNAL - 25/06/2020 (3)

"Na sala de xuntas do Concello, sendo as 09.00 horas do 25/06/2020, baixo a presidencia de José M. Sánchez Somoza, reúnense os membros do tribunal designado para a selección de 7 auxiliares de policía local (persoal laboral temporal).

As bases reguladoras deste proceso de selección son as aprobadas pola Xunta de Goberno Local por acordo de data 10/02/2020.

O obxectivo nesta sesión é a resolución das posibles alegacións presentadas á proba de coñecementos, puntuacións definitivas e a realización da proposta de contratación, se procede.

#### 1.- ALEGACIÓNES PRESENTADAS.

- O aspirante Oscar J. ...., por escrito en data 22/06/20 (Núm. RE 4909), presentou alegación en relación cas preguntas número 18, 24 e Reserva 1.
- O aspirante Sergio V ..... , por escrito en data 23/06/20 (Núm. RE 870), presentou alegación en relación cas preguntas número 33 e 46.
- O aspirante Jesús M. B....., por escrito en data 22/06/20 (Núm. RE 4966), presentou alegación en relación cas preguntas 16 e 24.
- A aspirante Evelyn del C....., por escrito en data 22/06/2020 (Núm. RE 4897), presentou alegación en relación cas preguntas 22, 24, 40 e Reserva 1.
- A aspirante Vanesa O ..... , por escrito en data 22/06/2020 (Núm. RE 4924), presentou alegación en relación cas preguntas 16 e 37.

#### 2.- RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNES.

- Pregunta Reserva 1: Unha vez revisada esta pregunta, procede estimar a proposta de anulación ao non ser parte específica do Temario de Auxiliar de Policía Local o réxime xurídico dos funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional.

Elimínase a Pregunta Reserva Nº 1

- Pregunta 16. Unha vez revisada, procede estimar a alegación presentada e dar como correcta a resposta B).

Lei 2/2016, de 10 de febrero do solo de Galicia. Artigo 145. Caducidade das licenzas.

1. No acto de outorgamento da licenza de edificación determinaranse os prazos de caducidade por causa de demora na iniciación e finalización das obras, así como por causa de interrupción das mesmas. Na súa falta, o prazo de iniciación non poderá exceder de seis meses e o de **terminación de tres anos**, desde a data do seu outorgamento, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses.





## Concello de Boiro

2. Os municipios poderán conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, previa solicitude expresa, sempre que a licenza fose conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por prazo superior ao inicialmente acordado.
3. No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa acabada exteriormente.
4. A caducidade será declarada pola administración municipal tras o procedemento con audiencia ao interesado.

- Pregunta 18. Unha vez revisada, procede non atender a alegación presentada e manter como resposta correcta o apartado B).

*Lei orgánica 10/1995, de 23 de novembro do Código Penal. Artículo 379.*

1. *El que condujere un vehículo de motor o un ciclomotor a velocidad **superior en sesenta kilómetros** por hora en vía urbana o en ochenta kilómetros por hora en vía interurbana a la permitida reglamentariamente, será castigado con la pena de prisión de tres a seis meses o con la de multa de seis a doce meses o con la de trabajos en beneficio de la comunidad de treinta y uno a noventa días, y, en cualquier caso, con la de privación del derecho a conducir vehículos a motor y ciclomotores por tiempo superior a uno y hasta cuatro años.*

2. *Con las mismas penas será castigado el que condujere un vehículo de motor o ciclomotor bajo la influencia de drogas tóxicas, estupefacientes, sustancias psicotrópicas o de bebidas alcohólicas. En todo caso será condenado con dichas penas el que condujere con una tasa de alcohol en aire espirado superior a 0,60 miligramos por litro o con una tasa de alcohol en sangre superior a 1,2 gramos por litro.*

*Circular 10/2011, de 17 de novembro, sobre criterios para a unidade de actuación especializada do Ministerio Fiscal en materia de Seguridade Vial.*

IV.3. Elemento normativo do tipo. Conducción con excesos de velocidad. Velocidade permitida reglamentariamente

A condución a velocidad excesiva, como actividade castigada penalmente no art. 379.1 CP, non require unha duración determinada. Basta o transcurso dun mínimo lapso de tempo ou distancia conducindo con velocidad "superior en" 60 Km/h ou 80 Km/h á "permitida reglamentariamente". É importante recalcar que non basta con sumar á velocidad máxima os referidos 80 ó 60 km, senón que é preciso superalos como revela a dicción legal

- Pregunta 22. Unha vez revisada, procede desestimar a alegación presentada, por estar a pregunta como parte específica do Temario de Auxiliar de Policía Local, figurando a resposta no artigo 43 do Regulamento Xeral de Vehículos, sendo este un dos regulamentos que desenvolve a Lei de Seguridade Viaria.


Tema 9. *Lei de seguridade viaria. Regulamentos de desenvolvemento. Estrutura e conceptos xerais.*

- Pregunta 24. Unha vez revisada, procede non atender a alegación presentada e manter como resposta correcta o apartado D).

Na alegación presentada própon como resposta correcta o apartado a): Non existen infraccións administrativas por conducción baixo os efectos do alcol.

- Pregunta 33. Unha vez revisada, procede estimar a alegación presentada Estímase a proposta de anulación ao non ser parte específica do Temario de Auxiliar de Policía Local os Delitos contra o patrimonio e contra a orde socioeconómica

Substitúese a pregunta número 33 pola pregunta número Reserva 2.





## Concello de Boiro

- Pregunta 37. Unha vez revisada, procede estimar a proposta de anulación ao non ser parte específica do Temario de Auxiliar de Policía Local os Delitos contra a autoridade, os seus axentes e os funcionarios públicos, a resistencia e a desobediencia.


Substitúese a pregunta número 37 pola Pregunta Reserva número 3.

- Pregunta 40. Unha vez revisada esta pregunta, a impugnación non é procedente, xa que a resposta correcta non é a d), como expón a reclamante, se non a resposta a) como xa figura na plantilla de respostas.
- Pregunta 46. Unha vez revisada, procede estimar a alegación presentada e anular esta pregunta por non ser parte específica do Temario de Auxiliar de Policía Local a Constitución Española.

Substitúese a pregunta número 46 pola pregunta número Reserva 4.

### 3.- PUNTUACIÓNS DEFINITIVAS:

Nº	Nome	Acertos Test	Fallos Test	Resultado
1	Javier An	46	4	8,93
2	Sergio Va	44	6	8,40
3	Juan Manu	41	9	7,60
4	Efren Faj	40	10	7,33
5	Adrián Se	39	11	7,07
6	Carlos Sa	39	11	7,07
7	Mónica Co	38	12	6,80
8	Rafael Ma	37	13	6,53
9	Evelyn de	37	13	6,53
10	Alberto C	37	13	6,53
11	Manuel Ca	36	14	6,27
12	Vanesa Or	36	14	6,27
13	María San	36	14	6,27
14	Jesús Man	35	15	6,00
15	Carlos Ca	34	16	5,73
16	Óscar Jos	33	17	5,47
17	Alejandra	33	17	5,47
18	Manuel Án	32	18	5,20
19	Gumersind	31	19	4,93
20	Gonzalo R	29	21	4,40
21	Ander Pér	18	32	1,47



### Concello de Boiro

Praza de Galicia, s/n, Boiro. 15930 (A Coruña). Tfno. 981844800. Fax: 981844008



## Concello de Boiro

### 3.- DESEMPEATE PUNTUACIÓNS:

Unha vez determinadas as puntuacións obtidas nos exercicios e tendo en conta o previsto na Base 13ª das bases de selección “*En caso de empate na puntuación final do proceso selectivo establecese a seguinte orde de prioridade: Por ser un grupo con infrarrepresentación do sexo feminino, e en aplicación do disposto no artigo 49 do Decreto lexislativo 2/2016, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de Igualdade, preferencia da muller respecto do home. De persisti-lo empate, dirimirase por sorteo público a celebrar ante o Tribunal Cualificador, do que se levantarán actas correspondentes.*”, aprécianse dez casos de empate.

Segundo as instruccions anteriormente mentadas, para algúns destes desempates, procede dirimirse por sorteo público a celebrar ante o Tribunal Cualificador. Así se convoca a toda persoa interesada neste proceso para asistir o vindeiro **venres, 26/06/2020 ás 10:00 horas no salón de plenos da Casa Consistorial á celebración do sorteo público.**

E non sendo máis os asuntos que tratar, dase por rematada a sesión cando son as 10:00 horas do día da data, do que eu, secretario do tribunal dou fe.

José M. Sánchez Somoza.

Martín Blanco Buceta.


Mª Dolores Franco López

Jose M. García Navia.

Mª Xoana Toja Lema”

Boiro, na data que figura ó marxe, na sinatura dixital

Martín Blanco Buceta. Secretario do tribunal



Cod. Validación: 3ZTC2T0CCMKL29LG5NAHC2F37 | Correción: https://boiro.sedelectronica.gal/ Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona.esPúblico | Páxina 4 a 4